

RECOMPILACIÓN EXAMES ABAU LINGUA E SOCIEDADE

• PREXUÍZOS

TEXTO:

Analice esta viñeta, de xeito que inclúa na explicación o significado técnico dos conceptos “prexuízo”, “lingua dominante” e “lingua minorizada”. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)




SOLUCIÓN:

En Galicia, desde o punto de vista cualitativo, o castelán é a lingua dominante e o galego a minorizada, debido a que aquela segue tendo maior presenza en ámbitos de prestixio, como o xudicial, médico, administrativo, etc. Esta situación dábase en maior medida en séculos pasados, de xeito que o galego estaba totalmente marxinado de calquera ámbito formal, o que provocou o prexuízo segundo o cal o castelán era considerado a lingua da cultura e a riqueza e, en consecuencia, os galegofalantes, se querían acceder aos ámbitos de prestixio, tiñan que aprender o castelán. Isto deu lugar á norma social de que os galegofalantes se debían adaptar á lingua considerada superior, o castelán, mentres os castelanfalantes mantiñan a súa lingua en todo momento. Non facelo era considerado de mala educación, como se recolle na viñeta.

Coa chegada da democracia, recoñécese por fin o galego como lingua propia e cooficial de Galicia (Estatuto de Autonomía, 1981), o que supón que se empece a empregar xa en todos os ámbitos, iniciándose así o seu proceso de normalización. Polo tanto, hoxe en día todos os galegos e galegas teñen dereito a usar tanto o galego como o castelán, ambas as linguas xa se estudan na escola e, de feito, as porcentaxes de competencia e, sobre todo, de comprensión do galego son moi altas entre a poboación. En consecuencia, a norma social de cambiar ao castelán non ten ningún fundamento, senón que cadaquén pode manterse na lingua da súa preferencia, sen que isto sexa considerado falta de educación. No caso de adaptarse á lingua da persoa interlocutora, tanto se podería facer do galego ao castelán como á inversa. Ademais, comeza a darse o mantemento de cada falante na súa lingua, o que se coñece como conversas bilingües.

TEXTO:

Analice o seguinte gráfico sobre a lingua habitual en Galicia en función do número de habitantes do municipio (IGE, 2018) e indique o prexuízo que historicamente se orixinou a raíz desta situación e un argumento para desmontalo. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)



SOLUCIÓN:

1 punto pola explicación do gráfico + 1 punto pola explicación do prexuízo.

0,5 polo argumento para desmontar o prexuízo.

Explicación do gráfico: O uso da lingua galega aumenta a medida que diminúe o tamaño do municipio, de xeito que nas sete cidades galegas (concellos de máis de 50.000 habitantes), a porcentaxe de galegofalantes, de forma exclusiva ou maioritaria, é menos da metade dos que se rexistran no hábitat máis rural (concellos de menos de 10.000 habitantes). Nas vilas de maior tamaño a porcentaxe entre galegofalantes e castelanfalantes está equiparada, mentres que nas vilas máis pequenas xa encontramos maioría de galegofalantes, cunha diferenza de 16 puntos porcentuais con respecto aos castelanfalantes.

Explicación do prexuízo: O feito de que os galegofalantes se concentrasen maioritariamente nas zonas rurais provocou que as características negativas asociadas tradicionalmente a este hábitat se aplicasen tamén a este grupo lingüístico e por extensión á lingua galega, mediante un proceso de xeneralización e atribución de causas erróneo. Dado que os habitantes do rural, en xeral, posuían menos estudos e menor nivel económico, atribuíanse estas características aos galegofalantes, dando lugar ao prexuízo de que a lingua galega era síntoma de incultura e pobreza. En realidade, a falta de estudos dos habitantes das zonas rurais e, por extensión, dos galegofalantes non se debía á súa menor capacidade, senón á falta de oportunidades, que provocaba á súa vez a escasa ou nula opción de mobilidade social e ascenso económico.

Posibles argumentos para desmontar o prexuízo: En primeiro lugar, hoxe en día non existe esa vinculación directa entre o rural e a pobreza e/ou incultura. Ademais, as connotacións asociadas ao rural mudaron, de xeito que remite a un estilo de vida en moitos aspectos mellor có do ámbito urbano, canto a tranquilidade, contacto coa natureza etc. Ademais, aínda que, como indica o gráfico, os falantes de galego son maioría no rural, tamén hai unha porcentaxe importante nas vilas, case igualados aos castelanfalantes, e incluso nas cidades representan case o 20%. En definitiva, falar unha lingua ou outra non implica en ningún caso maior ou menor capacidade intelectual ou maior ou menor nivel económico, do mesmo xeito que ocorre co xénero ou a raza. Non se trata de características intrínsecas senón circunstanciais, debidas a unha situación social de desigualdade que impide a grupos con estas características o acceso a determinados bens.

TEXTO:

Analice esta viñeta, utilizando os conceptos técnicos de estereotipo e prexuízo lingüístico. Explique como cambiaron os prexuízos cara ao galego a raíz do proceso de normalización lingüística. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)



SOLUCIÓN:

1,5 puntos: Cómpre que o alumnado defina os conceptos de estereotipo e prexuízo baseándose na viñeta.

1 punto: Se é quen de explicar a relación deste prexuízo co proceso de normalización lingüística.

TEXTO:

Analice o prexuízo lingüístico que se denuncia na viñeta de Pepe Carreiro e sinalados exemplos da historia da lingua galega que demostren as súas consecuencias na práctica. Indique se este prexuízo se mantén dalgún xeito na actualidade, argumentando a súa resposta tamén a través dalgún exemplo concreto. (Ext. aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)



SOLUCIÓN:

1 punto por indicar e analizar o prexuízo lingüístico da viñeta.

Tratáse de restrinxir e reducir as posibilidades de uso dunha lingua a determinados ámbitos, debido a que esta lingua é percibida como menos prestixiosa e polo tanto indigna para ser empregada nestes usos “elevados”. No caso da viñeta, refírese en concreto a que unha lingua como o galego non se acepta para o estudo dunha ciencia como as matemáticas. Esta, polo tanto, só se podería levar a cabo a través da única lingua considerada válida para este fin: o castelán. En cambio, nestas situacións de desigualdade social, a lingua de menor prestixio si é admitida para certas funcións tamén prestixiosas, pero presentadas como inferiores ou de menor categoría, como pode ser o cultivo do xénero literario da poesía. De aí que, nos procesos de normalización lingüística, cando a lingua minorizada comeza a empregarse na escrita, sempre se inicia pola literatura e, dentro desta, pola lírica.

1 punto por sinalar dúas consecuencias derivadas deste prexuízo ao longo da historia.

A principal consecuencia é o afastamento dos usos públicos formais e escritos da lingua galega durante os séculos escuros, cando comeza o proceso de substitución lingüística do galego polo castelán, fronte ao que ocorría na Idade Media, onde o galego si se empregaba en todos os ámbitos, desde o literario ata os documentos notariais, de xeito que podemos afirmar que daquela era tanto a lingua do pobo como dos reis e a nobreza. Outra posible consecuencia é a que observamos nos propios protagonistas do Rexurdimento, que reivindicaban a lingua galega, pero ao mesmo tempo levaban a cabo os seus discursos públicos formais en castelán (como o que realiza Manuel Murguía na inauguración da Real Academia Galega). Do mesmo xeito, neste período os escritores e a escritora máis recoñecidos eran poetas, mentres que cómpre esperar ao primeiro terzo do século XX e ao Grupo Nós, para encontrar novela moderna en lingua galega.

0,5 puntos por explicar se se mantén ou non na actualidade e argumentar a resposta a través dun exemplo concreto.

Na actualidade aínda persisten claras consecuencias deste prexuízo, como o feito de que a maioría da prensa diaria escrita en papel sexa publicada en castelán ou que a maior parte das veces que consultamos a carteleira de cine non se ofrezan nin unha soa película na nosa lingua, a pesar de que a cinematografía galega sexa de alta calidade. Do mesmo xeito, podemos observar pegadas deste prexuízo no escaso uso que se realiza da nosa lingua no ámbito por exemplo da xustiza. Por último, resulta moi revelador do mantemento deste prexuízo que, tras 40 anos desde que se aprobou a Lei de Normalización Lingüística, estea prohibido por lei (Decreto 79/2010), en Galicia, impartir a materia de matemáticas en galego na Educación Primaria e Secundaria.

• NORMATIVIZACIÓN

TEXTO:

Sitúe o seguinte texto na época correspondente da historia da normativización e indique dúas características lingüísticas fundamentais do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Explique brevemente os avances para a normalización da lingua deste período e por que acontecemento histórico se viron truncados. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)

Por amaina-la concencia guindei co meu tiduo de médico no fondo dunha gabeta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial, mais unha noite foron requerído-los meus servizos. Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Doume as “boas noites” e rompeu a chorar, e por antre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que somentes logrou decirme que tiña un fillo a morrer. O probe pai turraba por min, i eu deixábame levar, enfeitizado pola súa door. Dispois de todo eu era médico tiduado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de complacelo que sentín xurdir nos meus adentros unha gran cencia...

Castelao. “O retrato”. *Retrincos* (1934).

SOLUCIÓN:

Castelao pertence ao Grupo Nós e é, xunto con Vicente Risco e Otero Pedrayo, un dos creadores da narrativa moderna en lingua galega. Cronoloxicamente situámoslos no primeiro terzo do século XX, período no que encontramos desde un punto de vista lingüístico un desexo de afastarse do castelán, polo que son moi habituais os hiperenxebrismos, como “conccencia” (1ª liña), en lugar de “conciencia”, ou “cencia” (7ª liña), en lugar de “ciencia”; e os arcaísmos, como “tiduo” (1ª liña), en lugar de “título”, ou “door” (6ª liña), en lugar de “dolor” ou “dor”. De todos os xeitos, tamén se manteñen características máis propias do período anterior (Rexurdimento), como as vacilacións vocálicas propias da oralidade: “doume” (4ª liña), en lugar de “deume” ou “antre” (4ª liña), en lugar de “entre”; ou os castelanismos, como “decirme” (5ª liña), en lugar de “dicirme”.

O principal avance deste período con respecto á normalización lingüística radica na súa extensión de usos aos diferentes xéneros literarios e non literarios, grazas ao labor da Revista Nós (1920) e o Seminario de Estudos Galegos (1923). Ademais, tamén se comeza a empregar o galego en actos orais públicos, como mitins ou actos institucionais. O Estatuto de Autonomía, aprobado en 1936, contemplaba avances tan relevantes como a introdución do galego no ensino ou a obriga de coñecer o galego para os funcionarios destinados a Galicia. Non obstante, este progreso viuse truncado pola guerra civil e a posterior ditadura franquista e, de feito, o Estatuto non chegou a entrar en vigor.

TEXTO

Localice dous tipos de formas non estándar que aparezan neste texto, extraído de “A nosa fala” (culturagalega.org) e explique brevemente os criterios polos que non son aceptados na variedade normativa. (Ext. aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)

Informante: De vrau, ó acabar o curso, normalmente sempre traballo. Este ano tuvemos, este ano pasao tuven traballando no, no Servicio de Extinción de Incendios Forestais; o ano pasao, limpiando nas praias, e os últimos dous anos na, na construción. A ver este ano en que lle toca.

Entrevistador: E que facedes no, no das praias?

I: Pois limpiar a, sacar a merda que deixaban os turistas o día anterior, e mais o que trae o mar, botes, botellas e as algas. Os botes metíamolos nunha bolsa de plástico e pa papelera. Pero as algas enterrábamolas todas. Despois, ás veces tamén viña unha pala do aiuntamiento, que che, xa che enterraba el todo.

E: Que iba decir eu? Que horario tiñades no da praia?

I: Ó primeiro empezamos con horario de sete a doce da mañá. Sete había que tar alí. Parábamos ás nove pa tomar o bocadillo. Tíñamos media hora, pero normalmente era unha hora, e ás doce parábamos.

SOLUCIÓN:

1 punto cada tipo de forma non normativa localizada (teñen que ser de distinto tipo). Exs.:

- Dialectalismos, como vrau (pola terminación).
- Castelanismos, como tuvemos, limpiando, praias, metíamolos, enterrábamolas, parábamos, aiuntamiento, papelera, iba, decir, tiñades.
- Coloquialismos ou vulgarismos, como pasao, pa, extinción, construción, vrau (pola elisión vocálica).

0,5 pola explicación: abonda con que indiquen que non se admiten porque son consideradas dialectalismos, castelanismos ou coloquialismos e que expliquen estes fenómenos.

Posible explicación:

A variedade estándar ou normativa é creada para servir como “vehículo expresivo común e válido para todo o pobo galego”, tal como se recolle nas propias normas. Con este fin ha de ser continuadora da lingua falada pola comunidade, pero evitando dependencias do castelán (castelanismos). Das diferentes alternativas dialectais, escóllense aquelas con máis extensión xeográfica e demográfica, así como as que contan con tradición literaria. Dado que se trata dunha variedade destinada ao rexistro formal, tamén quedan fóra dela os coloquialismos de calquera tipo.

TEXTO:

Sitúe o texto de Rosalía de Castro na época correspondente da historia da normativización e indique dúas características lingüísticas do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Explique se se manteñen na actualidade e, de ser así, en que contextos son máis frecuentes. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)

“Mais naide ten menos que eu teño as grandes cualidades que son precisas pra levar a cabo obra tan dificile, anque naide tampouco se pudo achar animado dun máis bon deseo pra cantar as bellezas da nosa terra naquel dialecto soave e mimoso que queren facer bárbaro os que non saben que aventaxa ás demais linguas en dozura e armonía. Por esto, inda achándome débil en forzas e non habendo deprendido en máis escola que a dos nosos probes aldeáns, (...) atrevínme a escribir estos cantares, esforzándome en dar a conocer como algunhas das nosas poéticas costumes inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, e como o noso dialecto doce e sonoro é tan apropiado como o primeiro para toda clase de versificación.”

Rosalía de Castro. Prólogo a Cantares Gallegos (1863).

SOLUCIÓN:

1 punto por situar o texto na fase do proceso de normativización coñecido como popularizante, correspondente co Rexurdimento literario, época na que se comeza a escribir en galego despois do longo período dos séculos escuros e, por conseguinte, non existían nin dicionarios nin gramáticas, polo que a principal fonte era a propia lingua utilizada polo pobo.

1 punto por indicar dúas características (0,5 por cada unha delas).

Exemplos:

- Popularismos (tamén denominados vulgarismos), como naide, dificile (e paragórico), probes ou primeiro (metátese consonántica)...
- Contraccións propias da oralidade, como pra.
- Castelanismos, como deseo, beleza, conocer...


0,5 puntos por explicar o mantemento dalgunhas destas características lingüísticas.

Estas características si que se manteñen na actualidade e teñen plena vixencia, sobre todo as contraccións propias da oralidade e os denominados castelanismos, pero só nas variedades coloquiais e orais da lingua. En efecto, hoxe en día contamos cunha variedade normativa (estándar) plenamente consolidada, destinada aos usos formais e escritos, polo que nestes xa non encontramos estes fenómenos, como si ocorría en cambio nos inicios do proceso de normativización do galego, moi tardío en comparación coas outras linguas do noso contorno, como portugués, español ou francés.

• NORMALIZACIÓN

TEXTO:

Analice o seguinte gráfico sobre a lingua inicial en Galicia en función da idade (IGE, 2018) e sinalle dúas posibles medidas de normalización en relación coa situación descrita. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)



SOLUCIÓN:

No gráfico observamos que a adquisición do galego como primeira lingua descende a medida que o fai a idade, de xeito que a diferenza entre o grupo máis novo e o de máis idade é superior ao triplo. Resulta máis preocupante aínda, que nas persoas máis novas (de 5 a 14 anos), o bilingüismo permanece igual, mentres que o castelán como lingua inicial aumenta considerablemente. En definitiva, cada vez son menos os nenos e nenas que aprenden a falar en galego como primeira lingua.

Unha posible medida de normalización sería unha campaña de publicidade dirixida ás familias, como é a campaña Apego, baseada no argumento de que un neno ou nena educado nunha familia galegofalante vai ser probablemente bilingüe, pois o castelán xa se aprende por outras vías fóra da familia. Tamén é importante incidir noutros ámbitos, como nos medios de comunicación, sobre todo a televisión e outros dispositivos audiovisuais (tableta, móbil, etc.). Polo tanto, unha segunda medida estaría destinada á creación e difusión de máis contidos en lingua galega adecuados para a infancia e mocidade. Neste sentido, destaca a campaña da Mesa pola Normalización Lingüística de creación dunha canle integramente en galego da TVG para o público máis novo.

TEXTO:

Explique a situación que denuncia Marilar Aleixandre no seguinte artigo, empregando os conceptos técnicos de normalización e axentes de transmisión lingüística. Sinale dúas posibles medidas de normalización que poidan contribuír á súa superación. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)

Nestes días fixose viral un vídeo no que Moraima ten unha conversa con Siri a través da tableta. A nena, pacientemente, atende a Siri, repetindo en galego o que a asistente virtual di en castelán: "estou aquí para axudarte", "puedo ayudarte en algo más?" pregunta Siri, ao que Moraima responde, con toda lóxica: "pois... si, en recoller as cousas", facendo un aceno en dirección a mochila, xoguetes e roupa estrados polo chan. "Creo que no te entiendo", di Siri, e Moraima, "Porque eu falo en galego, sabes Siri?" Galegofalante consciente de que lingua fala, de que é diferente da da máquina. Nun intre de perigo tanto da transmisión do galego, como da preservación polas nenas e nenos que reciben o galego na casa e corren risco de perdelo na escola –na meirande parte dos casos non polas mestras, senón polas outras crianzas–, o de Moraima é un exemplo a seguir. E mostra por que demandamos asistentes virtuais e produtos informáticos en galego. Porque, sabes Siri? Eu falo galego e quero seguir falándoo.

Marilar Alexandre. *Nós Diario*. 25/09/2021 (adaptación).

SOLUCIÓN:

O texto denuncia a ausencia do galego de ámbitos de prestixio como as tecnoloxías dixitais, o que tamén se pode estender a outros medios de comunicación, como a prensa ou a televisión. Isto indica que a lingua galega non está normalizada, xa que non se encontra presente en todos os ámbitos sociais. Ademais, ten repercusión na transmisión interxeracional do galego, pois, como lle ocorre á protagonista da anécdota, Moraima, aínda que recibe a lingua galega por parte da súa familia, algúns dos outros axentes de transmisión ofrecen só ou maioritariamente input lingüístico en castelán ou inglés. Esta situación pode provocar que nenos e nenas de familias galegofalantes, ao ir medrando e incorporándose á sociedade, vaian abandonando a súa lingua inicial.

As medidas de normalización destinadas a intentar superar esta situación relaciónanse co aumento da súa presenza nos ámbitos de maior prestixio para a infancia e a xuventude. Temos recentemente exemplos co fenómeno das Tanxugueiras ou a demanda da Mesa pola Normalización Lingüística dunha canle temática infantil da Televisión de Galicia. Ademais, con respecto ao ámbito escolar, sería necesario contemplar a aplicación de programas de inmersión lingüística na Educación Infantil (0-6 anos), sobre todo nos ámbitos urbanos, tal como, de feito, recolle o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia en 2004.

• GALEGO 1º TERZO S.XX

TEXTO:

Sitúe o seguinte texto na época correspondente e indique dúas características lingüísticas fundamentais do galego escrito nela, sempre a partir de exemplos do propio texto. Sinala brevemente un aspecto positivo e outro negativo da situación social do galego neste período (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)

“Eu caraiterizaría aos homes do meu tempo preocupados polas cousas do esprito, dicindo que’ramos -e somos- os auténticos vencidos da vida. (...) O probrema dos inadaptados é un dos grandes probremas das decadenzas. Hai nises tempos d’economía, de políteca e de ténica, unha chea de naturezas estremamente delicadas e coscentes, depositarias das mais depuradas esencias da cultura...”.

Vicente Risco, “Nós, os inadaptados”, *Nós*, 1933.

SOLUCIÓN:


Vicente Risco pertence ao Grupo Nós e é, xunto con Castelao e Otero Pedrayo, un dos creadores da narrativa moderna en lingua galega. Cronoloxicamente situámoslos no primeiro terzo do século XX, período no que encontramos desde un punto de vista lingüístico un desexo de afastarse do castelán, polo que son moi habituais os hiperenxebrismos, como “probrema” (2ª liña), en lugar de “problema”, ou “coscentes” (4ª liña), en lugar de “conscientes”. Tamén se manteñen característi- cas máis propias do período anterior (Rexurdimento), como os vulgarismos. No texto: “esprito” (1ª liña), en lugar de “espírito”; “políteca”, en lugar de “política” (vacilación vocálica, 3ª liña); “ténica”, en lugar de “técnica” (eliminación do primeiro elemento dun grupo culto, 3ª liña). Ademais, podemos destacar o uso de apóstrofes, como en “qu’eramos”, co fin de reproducir as contraccións vocálicas propias da oralidade.

Canto á situación social, neste período asistimos a un avance importante xa que se comeza a usar o galego en intervencións públicas orais, ademais de que se avanza tamén na súa normalización canto á extensión de xéneros literarios e tipos de textos escritos, labor no que destacan a Revista Nós (1920) e o Seminario de Estudos Galegos (1923). Porén, continúa a diminución de falantes e a distribución lingüística en función das clases sociais, vinculándose o castelán coas clases altas e o galego co campesiñado, a excepción destes grupos de intelectuais xa citados.

• GALEGO 2º TERZO

TEXTO:

Analice o texto da imaxe, indicando as principais características sociolingüísticas da época na que foi escrito (1942) e difundido. Explique as consecuencias deste período para os prexuízos lingüísticos cara ao galego. (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)



SOLUCIÓN:

Este texto escribiuse na ditadura (1939-1975), época na que as linguas de España diferentes do castelán estaban prohibidas e só esta tiña status de “lingua oficial”, como se recolle no cartel. Como consecuencia, as demais linguas quedaron relegadas aos usos privados, familiares e coloquiais, mentres o castelán era a única empregada nas funcións de prestixio social, como a administración, escola, medios de comunicación, política, etc. Isto provocou no imaxinario colectivo a asociación do castelán cos grupos sociais con maior poder, riqueza e cultura, de xeito que se creou o prexuízo segundo o cal o castelán representaba estes valores e o galego os contrarios. Así, só o feito de falar galego xa implicaba ser marcado como unha persoa pobre e inculta. De aí que no código da época, “ser caballero” supoñía falar a lingua “superior”, o castelán, ata o punto de que se consideraba vulgar e de mala educación falar galego. Por conseguinte, a mobilidade social implicaba tamén un cambio de lingua, do castelán ao galego.

Ademais, este cartel intenta fomentar un sentimento patriótico vinculado de forma exclusiva ao castelán, de xeito que nega a pluralidade lingüística de España. Hoxe en día, aínda se manteñen algúns destes prexuízos que consideran o castelán por riba do galego e, ademais, quedan restos dos comportamentos derivados deles, como por exemplo pon en evidencia o feito de que aínda non aceptemos con normalidade as conversas bilingües. En efecto, cambiar do galego ao castelán cando o interlocutor é castelanfalante continúa a ser un comportamento frecuente, porque isto era o que marcaban as normas de “cortesía” e “educación” da época.

• GALEGO 3º TERZO

TEXTO:

Explique o cambio que supuxo para a lingua galega a aprobación do Estatuto de Autonomía, a partir dos dous primeiros puntos do seu artigo 5: (Extensión aprox. 250 palabras) (2,5 puntos)

“5.1. A lingua propia de Galicia é o galego.

5.2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”. Indique dúas consecuencias prácticas da aplicación deste artigo.

SOLUCIÓN:

1,5: primeira parte: explicación dos conceptos de lingua propia (0,75) e lingua oficial (0,75).

1: segunda parte: 0,5 por cada unha das consecuencias prácticas.

A raíz da aprobación do Estatuto de Autonomía, en 1981, o galego convértese en lingua oficial da Comunidade Autónoma de Galicia, ao mesmo nivel que o castelán. Teñen, polo tanto, as dúas linguas o status legal de cooficiais. Ademais, o establecemento como lingua propia do galego supón o seu recoñecemento como lingua histórica de Galicia e en consecuencia pon en valor a súa importancia como símbolo cultural e identitario. Porén, o feito de que se estableza o dereito de coñecer e usar tanto o galego como o castelán, pero non o deber, implica unha desigualdade cara á lingua galega, pois na Constitución española, aprobada en 1978, si que se declara a obrigatoriedade do coñecemento da lingua castelá, no seu artigo 3.1. Isto provoca unha situación de xerarquía lingüística en favor do castelán, que ademais é a única lingua oficial en todo o Estado español.

Este status legal da lingua galega debe materializarse nunha serie de usos, que se recollen na Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983 polo Parlamento de Galicia. Podemos destacar algúns como o emprego polas institucións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa Administración pública, a incorporación ao sistema educativo, do cal é a lingua oficial en todos os niveis, ou a toponimia en galego como única oficial. Por outra parte, ao converterse en lingua oficial, aumenta a necesidade de fixar unha variedade estándar ou normativa, co fin de ser usada nos ámbitos formais e na escrita. Así, en 1982 publicanse as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, declaradas oficiais ese mesmo ano pola Xunta de Galicia. Estas normas foron revisadas en 1995 e en 2003, versión que acadou xa un importante consenso entre as diferentes propostas, polo que se coñece como a “normativa de concordia”.